

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 1 de marzo de 2010, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se convocan os Premios do Deporte Galego 2009.

A Lei xeral do deporte de Galicia, Lei 11/1997, do 22 de agosto, establece entre as competencias da Administración autonómica a de efectuar convocatorias de ámbito autonómico para outorgar premios, distincións ou axudas á realización de actividades promotoras do deporte encamiñadas a mellorar a presenza do deporte galego nas distintas competicións ou manifestacións deportivas: artigo 11.1º, letra b).

Conforme esta habilitación normativa e competencial, a Secretaría Xeral para o Deporte establece, coa presente resolución, os Premios do Deporte Galego 2009 que recoñecerán publicamente os máis destacados axentes do ámbito deportivo de Galicia no ano precedente.

Polo exposto, e en uso das facultades que teño atribuídas pola lexislación vixente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Convocatoria e categorías.*

Convócanse os Premios do Deporte Galego 2009, que serán concedidos nas seguintes categorías:

1. Premio á mellor deportista feminina.
2. Premio á mellor deportista feminina discapacitada.
3. Premio ao mellor deportista masculino.
4. Premio ao mellor deportista masculino discapacitado.
5. Premio ao mellor equipo feminino.
6. Premio ao mellor equipo masculino.
7. Premio ao mellor equipo de deportistas discapacitadas ou discapacitados.
8. Premio á mellor entidade na promoción da actividade física e o deporte de base.
9. Premio ao mellor centro educativo na promoción do deporte en idade escolar.
10. Premio ao/á mellor adestrador/adestradora.
11. Premio ao/á mellor árbitro/a-xuíz/a.
12. Premio ao mellor labor informativo.
13. Premio ao mellor evento deportivo.
14. Premio patrocinio deportivo.
15. Premio revelación.
16. Premio ao concello co mellor labor na promoción da actividade física e o deporte.

Xunto a estas categorías, por proposta e por resolución do xurado, poderán outorgarse mencións especiais.

Artigo 2º.-*Presentación de candidaturas.*

1. Os proponentes poderán presentar unha candidatura por categoría.

2. Poderán formular propostas as asociacións deportivas de Galicia inscritas no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, os concellos de Galicia así como calquera outro organismo ou entidade pública ou privada e persoas físicas relacionadas coa actividade física e o deporte galego, a través do anexo que se xunta e que se dirixirá á Secretaría Xeral para o Deporte, acompañada da documentación e información que acredite os méritos que concorren nos candidatos. A presentación de candidaturas implica a total aceptación desta resolución e do resultado do xurado.

3. A documentación dirixirase á Secretaría Xeral para o Deporte mediante a súa presentación por calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. O prazo para a presentación de candidaturas rematará aos dez días naturais contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución.

Artigo 3º.-*Xurado.*

O xurado cualificador estará presidido polo secretario xeral para o Deporte, serán vogais o titular da Subdirección Xeral de Deportes, o presidente da Ufedega, os xefes de servizo provinciais de deportes, o xefe de deportes da CRTVG, e outros tres vogais designados polo presidente do xurado entre o persoal ao servizo da Secretaría Xeral para o Deporte ou da *Fundación Deporte Galego*. Actuará como secretario un funcionario designado polo secretario xeral para o Deporte de entre os que se atopan ao servizo desta secretaría xeral, e que terá entre outras funcións a de recibir, clasificar e ordenar a documentación que deba someterse á consideración do xurado. O secretario carecerá de voz e voto nas reunións do xurado.

O acordo do xurado en que se outorguen os diferentes premios será publicado na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte.

A actividade do xurado non será retribuída.

Artigo 4º.-*Entrega dos premios.*

Os Premios do Deporte Galego 2009 serán entregados de forma solemne nun acto público en que se fará entrega aos galardoados dun trofeo e dun diploma acreditativo do premio que lles corresponda.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2010.

José Ramón Lete Lasa
Secretario xeral para o Deporte



XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral para o Deporte

ANEXO

| | | |
|---|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO PREMIOS DO DEPORTE GALEGO 2009 | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR951A | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|---|---|--------------------------------|

1) ENTIDADE OU PERSOA QUE FAI A PROPOSTA

| | | | |
|---------------------------------|------------|----------|----------------------|
| NOME DA ENTIDADE / PERSOA | | CIF/DNI | |
| [] | | [] | |
| ENDEREZO | PROVINCIA | CONCELLO | |
| [] | [] | [] | |
| CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO/S | FAX | ENDEREZO ELECTRÓNICO |
| [] | [] | [] | [] |
| REPRESENTANTE DA ENTIDADE | | | DNI |
| [] | | | [] |
| CARGO QUE DESEMPEÑA NA ENTIDADE | | | |
| [] | | | |

2) PREMIO PROPOSTO

| | |
|--|----------------------|
| CATEGORÍA (CONFORME AS INDICADAS NO ARTIGO 1) | |
| [] | |
| CANDIDATURA PROPOSTA | |
| [] | |
| NOME DA PERSOA / ENTIDADE | |
| [] | |
| ENDEREZO COMPLETO | |
| [] | |
| TELÉFONO/S | ENDEREZO ELECTRÓNICO |
| [] | [] |
| MÉRITOS DA CANDIDATURA (REFERIDOS AO ANO 2009) | |
| [] | |

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta secretaria como responsable do ficheiro

| |
|--|
| LEXISLACIÓN APLICABLE |
| <i>Resolución do 1 de marzo de 2010, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se convocan os Premios do Deporte Galego 2009.</i> |
| SINATURA DA PERSOA OU REPRESENTANTE DA ENTIDADE QUE FAI A PROPOSTA |
| _____, de _____ de _____ |

| | | |
|-----------------------------------|-----|----------------------|
| (Para cubrir pola Administración) | | NÚMERO DE EXPEDIENTE |
| RECIBIDO | [] | _____ |
| REVISADO E CONFORME | [] | DATA DE ENTRADA |
| | | ____/____/____ |
| | | DATA DE EFECTOS |
| | | ____/____/____ |
| | | DATA DE SAÍDA |
| | | ____/____/____ |

Secretario Xeral para o Deporte